



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 20/04/2023

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro. (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE)
D^a Raquel Caruncho Corral (PSdeG-PSOE)
D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE)
D^a Yolanda Vázquez Busto (PSdeG-PSOE)
D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)
D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)
D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)
D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)
D. Luis Angel Díaz González.(PP)
D. Luis Pena Mosquera (BNG)
D^a Rocío Souto Torre (BNG)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as dez horas e doce minutos do día vinte de abril de dous mil vinte e tres, xúntanse, en sesión extraordinaria e urxente do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Xeral e a Interventora municipal

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal

D^a Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 20/04/2023

A Secretaria municipal da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA SESIÓN DO PLENO DE 20/04/2023

Expediente: 2023/G006/000062

A empresa Virxe do Carme, Servicios Sociais, S.L. é a adxudicataria do servizo de axuda no fogar de dependencia do Concello de Ponte deume desde o ano 2017.

A día de hoxe continúa prestando o servizo atopándose en situación de prórroga forzosa baseada no interese público, mentres non se resolva un novo procedemento de licitación para a adxudicación do servizo de axuda no fogar de dependencia.

O día 9 de agosto de 2022 ten entrada no rexistro do Concello de Ponte deume un escrito de D. José Manuel Durán Rodríguez, como administrador solidario da entidade mercantil “Servizos Sociais, Virxe do Carme, S.L”, no que solicita unha modificación do prezo unitario do contrato que mantén para a prestación do servizo de axuda no fogar de dependencia. O novo prezo sería de 17,90 € máis o 4% de IVE, o que daría un prezo final de 18,62 €/hora. Especifica que



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

os efectos deste cambio serían desde o 1 de outubro de 2022 ata o 31 de marzo de 2023 (6 meses).

A empresa Virxe do Carme, advertiu á Concellaría de Servizos Sociais, da interrupción do servizo no caso de non modificar a maior brevidade posible o devandito prezo, e debido ao atraso que pola súa natureza tivo o expediente, non pode demorarse máis a súa aprobación, e a regularización da situación, para poder normalizar a prestación do servizo. Tendo en conta sobre todo que os destinatarios son persoas vulnerables necesitados dunha especial atención na súa dependencia e non podería producirse en ningún caso a interrupción do servizo.

Esta Alcaldía Presidencia **PROPÓN** ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de 20/04/2022

SEGUNDO.- Ratificar a inclusión na orde do día da sesión do asunto:

MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA EMPRESA SERVIZOS SOCIAIS, VIRXE DO CARME, S.L. PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA. PROPOSTA DOUTRO PREZO/HORA UNITARIO (Exp. 2016/C004/000004)”

Non habendo intervencións sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busta, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luís Angel Díaz González; e **2 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luís Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de 20/04/2022

SEGUNDO.- Ratificar a inclusión na orde do día da sesión do asunto:

MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA EMPRESA SERVIZOS SOCIAIS, VIRXE DO CARME, S.L. PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA. PROPOSTA DOUTRO PREZO/HORA UNITARIO (Exp. 2016/C004/000004).

2.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA EMPRESA SERVIZOS SOCIAIS, VIRXE DO CARME, S.L. PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA. PROPOSTA DOUTRO PREZO/HORA UNITARIO (Exp. 2016/C004/000004).

A Secretaria municipal da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“ASUNTO. Continuidade do 1º contrato de servizo de axuda no fogar dependencia do concello de Ponte deume e modificación do prezo do contrato.

Expdte: 2022/C008/000001

PROPOSTA DA ALCALDÍA



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde do Concello de Ponte deume, formula a seguinte PROPOSTA:

En relación có expediente 2022/C008/000001: SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA EMPRESA "SERVICIOS SOCIAIS, VIRXE DO CARME, S.L." PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA (PROPOSTA DOUTRO PREZO/HORA UNITARIO)

Tendo en conta que a empresa Servizos Sociais, Virxe do Carme, S.L. é a adxudicataria do servizo de axuda no fogar de dependencia do Concello de Ponte deume desde o ano 2017 e que, a día de hoxe presta o servizo en situación de prórroga forzosa baseada no interese público, mentres non se resolva un novo procedemento de licitación para a adxudicación do servizo de axuda no fogar de dependencia.

Vendo que esta empresa mantivo co Concello de Ponte deume dous contratos:

- Contrato 1º: asinado o 29-05-2017 vixente ata o 29-05-2019. Con posibilidade de ser prorrogable de forma anual, por un ano mais (dúas veces), sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de catro anos (maio de 2021).

Este contrato fíxose por un total de 25.000 horas ao ano das cales o 88% eran horas ordinarias e o 12% eran horas extraordinarias. Os prezos, sen IVE, que se abonaron á adxudicataria foron: 12,30 € as horas ordinarias e 12,50 € as horas extraordinarias.

O órgano de contratación deste contrato é o Pleno da Corporación.

- Contrato 2º "Prestacións novas": asinado o 15-05-2018 vixente ata o 29-05-2019. Con posibilidade de ser prorrogable por un ano mais, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder do prazo establecido no artigo 303 do TRLCSP (maio de 2020).

Este contrato fíxose por un total de 12.176 horas ao ano das cales o 88% eran horas ordinarias e o 12% eran horas extraordinarias. Os prezos, sen IVE, que se abonaron á adxudicataria foron: 13,50 € as horas ordinarias e 9,45 € as horas extraordinarias.

O órgano de contratación deste contrato é a Alcaldía.

Visto que na data do 26 de febreiro de 2019 a empresa adxudicataria comunica ao concello a súa intención de dar por rematados os contratos e non executar a prórroga a partires do 29 de maio de 2019. (n.º de rexistro: 201999900000044).

Visto que na data do 26 de marzo de 2019 a empresa envía ao concello o "Desglose económico financeiro da explotación do Servizo de axuda no fogar no Concello de Ponte deume", tanto do primeiro contrato como do segundo (n.º de rexistro: 201999900000070 e 201999900000071).

Neses documentos aporta datos explicativos dos balances negativos da prestación do servizo, ascendendo as perdas a 76.050,37 € no primeiro contrato e a 11.009,40 no segundo contrato.

Tendo en conta que o primeiro contrato rematou o 29-05-2021; o segundo contrato rematou o 29-05-2020. Ambolos dous atópanse en situación de prórroga forzosa por razón de interese público co fin de non interromper o servizo de axuda no fogar de dependencia.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto que na data do 23 de setembro de 2021 a empresa adxudicataria envía ao concello o “Desglose económico financeiro da explotación do Servizo de axuda no fogar no Concello de Ponte deume” (n.º de rexistro: 202199900001570), no que, entre outros, indica:

En base a todo o manifestado, requírese ao Concello de Ponte deume que estableza un novo prezo/hora do servizo de axuda no fogar de dependencia, cun mínimo de 15,81 €/hora (sen IVE) con efectos retroactivos desde o 1 de setembro de 2021, co fin de que a empresa non se vexa obrigada a cesar na prestación do servizo debido ás cuantiosas perdas que ven soportando.

O que resultaría un valor hora de 16,44 € co 4% de IVE engadido.

Visto que o día 25 de novembro de 2021 o Pleno do Concello de Ponte deume, en sesión ordinaria, adoptou o acordo da continuidade do contrato de servizo de axuda no fogar de dependencia coa entidade adxudicataria “Servizos Sociais, Virxe do Carme, S.L.” mentres non se leve a cabo a formalización e inicio do novo contrato que se atopa en tramitación atendendo á delegación feita na Deputación Provincial da Coruña por medio de acordo plenario celebrado o día 29/04/2021 .

Así mesmo, nese mesmo Pleno, autorízase e dispónse o gasto que implica a modificación do prezo unitario do contrato en 15,81 € (sen IVE), o que resultaría un valor hora de 16,44 € co 4% de IVE engadido.

A entrada en vigor da modificación do prezo do contrato fíxose efectiva o día 27 de novembro de 2021 e xa se aplicou nas facturas correspondentes ao mes de decembro dese ano e ata a actualidade.

Tendo en conta que o día 9 de agosto de 2022 ten entrada no rexistro do Concello de Ponte deume (núm. de rexistro 202299900001219) un escrito de D. José Manuel Durán Rodríguez, como administrador solidario da entidade mercantil “Servizos Sociais, Virxe do Carme, S.L.” no que solicita unha modificación do prezo unitario do contrato que mantén para a prestación do servizo de axuda no fogar de dependencia. O novo prezo sería de 17,90 € máis o 4% de IVE, o que daría un prezo final de 18,62 €/hora. Especifica que os efectos deste cambio serían desde o 1 de outubro de 2022 ata o 31 de marzo de 2023 (6 meses).

Visto o Informe dos Servizos sociais municipais do día 17/10/2022 no que se fai unha análise comparativa do custo económico do servizo de axuda no fogar de dependencia entre o prezo unitario actual, de 16,44 €/hora (15,81 €/hora máis 4% de IVE engadido) e o prezo unitario proposto pola empresa Servizos Sociais, Virxe do Carme, S.L. de 18,62 €/hora (17,90 €/hora máis 4% de IVE engadido).

Visto o informe complementario do 17 de xaneiro de 2023 emitido polo mesmo departamento de Servizos sociais, onde se inclúe a análise económica comparativa do custo do Servizo de axuda no fogar de dependencia para todo o ano 2023, tendo como referencia o 1º contrato asinado o 29 de maio de 2017 entre o Concello de Ponte deume e a empresa Servizos Sociais, Virxe do Carme, S.L. e a nova proposta da empresa adxudicataria con entrada no rexistro do concello o 9 de agosto de 2022 , no que se resume que:

“1.- A previsión da diferenza resultante entre o custo do servizo de axuda no fogar de dependencia para o ano 2023 entre os prezos/hora estipulados no 1º contrato e o novo prezo/hora unitario de 17,90 € máis o 4% de IVE, o que daría un prezo final de 18,62 €/hora.,proposto pola empresa Servizos Sociais, Virxe do Carme S.L., é de: 145.120 €.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tendo en conta a existencia de crédito por medio de RC emitido pola Intervención Municipal o día 10 de abril de 2023, para o período de 10/04/2023 ata 31/12/2023, con N.º OPERACION: 220230000080

Logo de ver o informe xurídico da Secretaría da corporación de data 19/12/2022.

Logo de ver o o informe da Intervención municipal de referencia 43/2022 do día 28/12/2022

Considerando que o Concello de Ponte deume como administración máis próxima á cidadanía ten a obriga de cumprir cos obxectivos do servizo de axuda no fogar prestando unha atención de calidade ás persoas en situación de dependencia, sen que poida interromperse o servizo en ningún caso á vista do obxecto deste contrato que afecta a usuarios dependentes con recoñecemento de grao nivel e que a suspensión implicaría un grave prexuízo para eles mesmos e as súas familias e cuidadores/as.

Tendo en conta que por medio de acordo do Pleno celebrado o día 29/04/2021 acórdase entre outros:

PRIMEIRO.- Delegar no Servizo de contratación da Deputación provincial de A Coruña a tramitación da licitación do servizo de axuda no fogar do concello de Ponte deume, segundo as previsións que ao efecto determine o departamento responsable do servizo.

Vendo que non consta que ese expediente delegado á Deputación Provincial da Coruña polo Pleno da corporación fora tramitado e adxudicado.

Vendo que consta estudo de custos elaborado pola entidade INTOCONSULTING en xaneiro de 2021 no que determinan que o prezo de cara a unha licitación do servizo de axuda no fogar do concello de Ponte deume é de 18,08 €/hora sen IVE.

Visto canto antecede, e en virtude das competencias legalmente atribuídas **PROPOÑO:**

PRIMEIRO.- Manter a continuidade do servizo de axuda no fogar de dependencia do Concello de Ponte deume coa entidade adxudicataria Servizos Sociais, Virxe do Carme SL con CIF B-70028832, no que respecta ao 1º contrato asinado o 29 de maio de 2017, por un máximo de 25.000 horas anuais das cales o 88% serán horas ordinarias e o 12% serán horas extraordinarias. Todo isto en tanto non se leve a cabo a formalización e inicio do novo contrato que se atopa en tramitación atendendo á delegación feita na Deputación provincial da Coruña por medio de acordo plenario celebrado o día 29.04.2021.

SEGUNDO.- Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo á aplicación orzamentaria 2313.22799 (proxecto de gasto 2023-3-JY-2) que implica a modificación do prezo unitario do contrato que se incrementa ata 17,90 €/hora (sen IVE), o que resultaría un valor hora de 18,62 €/hora co 4 % de IVE engadido, e que incrementa dende a entrada en vigor do presente acordo ata 31/12/2023 a cantidade adicional de 2,18 €/hora con IVE engadido, por hora tanto ordinaria como extraordinaria, con respecto ao acordado polo Pleno da Corporación para o ano 2022, tendo en conta o número de horas proporcionais en función do período citado para este contrato e atendendo en todo caso ás horas efectivamente realizadas, sendo que o restante crédito ata o total da retención efectuada corresponde ao contrato asinado o 15-05-2018 que é competencia da alcaldía e será tramitado por dito órgano, se procede.

A entrada en vigor da modificación do prezo do contrato será a partir do día seguinte á notificación do presente acordo ao contratista, sen dar lugar a efectos retroactivos sobre o mesmo.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á empresa Servizos Sociais, Virxe do Carmen S.L. aos efectos oportunos, cos recursos que houbera lugar.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CUARTO.- *Dar traslado aos departamento responsable do contrato e aos servizos económicos aos efectos oportunos.*

Non obstante , o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D^a. Raquel Caruncho**, concelleira do PSdeG-PSOE, comenta que no anterior Pleno cando presentaran a “*Moción sobre a falta de financiamento da Xunta de Galicia do servizo de axuda no fogar*”, solicitaron un incremento do prezo/hora. De seguido di, que a empresa Virxe do Carme, está prestando o servizo a 15,81 € máis IVA, e solicita un incremento que con IVA incluído sería de 18,60 €, indica que como é un servizo tan sensible e prioritario, non debe repercutir nos usuarios nin nas auxiliares, por iso tráese a este Pleno extraordinario.

- **Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez**, concelleiro do PP, pregunta se o novo contrato o elabora a Deputación da Coruña?.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, Alcalde-Presidente, responde que o que fixeron foi delegar a licitación na Deputación, o problema non se arranxa co contrato, ven derivado do incremento dos custos do servizo, que é unha situación na que están o 70 % dos concellos de Galicia, sendo igual que o contrato estivera elaborado fai un ano ou dous.

- **Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez**, pregunta se se pode engadir unha cláusula de revisión de prezos anual, responde o Alcalde-Presidente, que si, pero o problema actual e o incremento do IPC, sen embargo anteriormente foi o Convenio Colectivo, que non está vinculado ao IPC.

- **Toma a palabra D^a. Raquel Caruncho**, indica que a realidade existente varía anualmente, existindo noutros concellos empresas adxudicatarias que renuncian aos contratos. As empresas teñen medo que o prezo de saída, non sexa o real no momento da adxudicación. Finalmente di, que a través da FEGAMP hai un informe que avalía os incrementos de prezos anuais, en definitiva o que se trata é que non repercuta na atención dos dependentes.

- **Toma a palabra D. Luis Pena, concelleiro do BNG**, comenta que é un contrato que saíu no 2017/2018, por dous anos e prorrogables por outros dous, no 2021 vólvese a facer sen licitar, sen poñer novas condicións, é unha situación que se sabe que vai a suceder, pregunta se só pasa no servizo de Axuda no Fogar ou pasa en todas as licitacións públicas. Indica que haberá que facer unha boa licitación, con cláusulas de modificación, que quede clara a relación entre a administración e a empresa, e ir modificando os prezos, tamén di que estase a prorrogar o contrato sen ningunha cláusula que beneficie aos usuarios, simplemente aumentouse o prezo. Finalmente manifesta que o voto vai a ser en contra, porque ten que quedar claro o contrato entre a administración que paga, a empresa, polo servizo que presta, e os beneficios dos empregados e usuarios.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, responde que non se pode modificar as cláusulas dun contrato que se prorroga, é ilegal, a lei establece unha revisión de prezos dun máximo dun 20%, que xa está mais que superado coa primeira modificación, o que se fixo foi un prego que se traslada a Deputación da Coruña para que licite, e isto non ten que ver ca situación que estamos. A continuación afirma, que o concello de Ponte deume defende aos usuarios, por iso vota a favor, pois se se fai o que di o Sr. Luís Pena, os usuarios quedarían sen servizo, menciona que ofrecéuselle unha delegación especial para levar contratación, e aínda está esperando a resposta. Indica tamén que a situación da contratación no concello, queda de manifesto cos informes dos técnicos, non hai persoal, esta semana fixeron os exames para técnico de contratación, e técnico de administración xeral.

- **Toma a palabra D. Luís Pena**, afirma que non se pode estar sen ningún tipo de contrato legal con estas empresas, responde o Alcalde-Presidente, que os pregos están feitos hai meses, e os informes din que non hai persoal suficiente para tramitalos, os Decretos de Alcaldía, cando se levantan os reparos, explican os pasos que se van dando para mellorar a situación, por iso se delega a licitación do contrato na Deputación. O voceiro do BNG indica que como oposición, a súa misión, é tentar que as cousas se fagan ben, explica que o voto en contra é porque

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

queren que o servizo, tan relevante para os usuarios, teña un contrato legal, en regra e con garantías.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, contesta que existen concellos do BNG que están facendo o mesmo, non ten nada que ver a relación contractual coa situación actual, se se absteñen, os usuarios quedan sen atender, porque a empresa marcharía. Pregunta D. Luís Pena, onde di iso na documentación que chega ao Pleno, indica o Alcalde-Presidente, que o está dicindo el agora mesmo, se quere o pon por escrito e o firma, pregunta se deste xeito cambiarían o voto, o voceiro do BNG, responde que si, e tampouco entende porque non se xustificou a urxencia, o Alcalde aclara que a urxencia ven motivada porque a empresa deixaría o servizo se non se modifica o prezo.

- **Toma a palabra D^a Rocío Souto**, concelleira do BNG, pregunta se os contratos ofrecen garantías aos usuarios e á administración, e tamén por que se fan os contratos?

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, responde que o contrato está prorrogado, e en canto a atención aos usuarios, a empresa está cumprindo. O que se está debatendo no Pleno, e incrementar o prezo, porque non é suficiente para asumir os custos do servizo.

- **Toma a palabra D^a. Raquel Caruncho**, indica que o contrato establece dereitos e obrigas para os traballadores e para a empresa, o prego redacta o que legalmente queda establecido, e o prezo vai repercutir sempre no servizo, sen embargo un estudo económico vai avalar que o prezo se cumpra e que o servizo se realice. Cre recordar que no 2021 votaron a favor da subida do 15,81 €, e tamén nese ano solicitouse á empresa que redactou o prego, a modificación do prezo para actualizalo, ditas modificacións poden ser anuais. As empresas moitas veces, cando pasa un ano ou dous, teñen dificultades para prestar o servizo en condicións, e non salgan prexudicados os usuarios nin as auxiliares. Finalmente menciona que se non están de acordo coa redacción do prego, teñen que preguntar externamente, aquí estase a debater a modificación do prezo, se a posición BNG é en contra, e no 2021 votaron a favor, non ten sentido.

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, responde que votaron a favor en todo, o único que solicitan é ter un contrato con unhas boas prescricións técnicas, económicas, administrativas, que defenda o servizo, cun novo prezo axeitado que permita unha revisión dun 20%, que de seguridade xurídica. Agora votan en contra, porque basta xa!, é necesario licitar o contrato, premer a Deputación, non están en contra da subida de prezos, queren un servizo ben prestado, e por iso é necesario un contrato.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, reitera de novo que aínda que se teña contrato a situación é a mesma, porque a revisión do prezo do 20% está superado.

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, aclara que non dixera que licitaran mal o contrato, senón que estaba sen licitar, a última licitación foi no 2018.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, indica que non se licita porque non hai persoal, incluso levanta reparos, asumindo responsabilidade subsidiaria co seu patrimonio persoal.

- **Toma a palabra D^a. Raquel Caruncho**, aclara que o último prego redactado recolle 46.000 horas, se a Xunta da máis hai que volver a engadilas.

Non habendo máis intervencións sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e **2 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PRIMEIRO.- Manter a continuidade do servizo de axuda no fogar de dependencia do Concello de Ponte deume coa entidade adxudicataria Servizos Sociais, Virxe do Carme SL con CIF B-70028832, no que respecta ao 1º contrato asinado o 29 de maio de 2017, por un máximo de 25.000 horas anuais das cales o 88% serán horas ordinarias e o 12% serán horas extraordinarias. Todo isto en tanto non se leve a cabo a formalización e inicio do novo contrato que se atopa en tramitación atendendo á delegación feita na Deputación provincial da Coruña por medio de acordo plenario celebrado o día 29.04.2021.

SEGUNDO.- Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo á aplicación orzamentaria 2313.22799 (proxecto de gasto 2023-3-JY-2) que implica a modificación do prezo unitario do contrato que se incrementa ata 17,90 €/hora (sen IVE), o que resultaría un valor hora de 18,62 €/hora co 4 % de IVE engadido, e que incrementa dende a entrada en vigor do presente acordo ata 31/12/2023 a cantidade adicional de 2,18 €/hora con IVE engadido, por hora tanto ordinaria como extraordinaria, con respecto ao acordado polo Pleno da Corporación para o ano 2022, tendo en conta o número de horas proporcionais en función do período citado para este contrato e atendendo en todo caso ás horas efectivamente realizadas, sendo que o restante crédito ata o total da retención efectuada corresponde ao contrato asinado o 15-05-2018 que é competencia da alcaldía e será tramitado por dito órgano, se procede.

A entrada en vigor da modificación do prezo do contrato será a partir do día seguinte á notificación do presente acordo ao contratista, sen dar lugar a efectos retroactivos sobre o mesmo.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á empresa Servizos Sociais, Virxe do Carmen S.L. aos efectos oportunos, cos recursos que houbera lugar.

CUARTO.- Dar traslado aos departamento responsable do contrato e aos servizos económicos aos efectos oportunos.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as dez horas e cincuenta e oito minutos do expresado día.

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno de data 25/05/2023, segundo o borrador asinado o día 22/05/2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Alcalde en funcións, e da Secretaria, que dá fe.